



# Saúde laboral

## Boletín

Nº 00 | MARZO 2012

| CIG | GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL

[www.cigsaudelaboral.org](http://www.cigsaudelaboral.org)

### SUMARIO

#### ENTREVISTAS

#### A INFRADECLARACIÓN DE ACCIDENTES NO SECTOR DA AUTOMOCIÓN

Entrevista a **Henrique Pérez**, responsable do Sector de automoción da CIG-Metal  
Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

#### INFORMACIÓN TÉCNICA

#### RISCO QUÍMICO: FERRAMENTAS DE INFORMACIÓN

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

#### SABÍAS QUE...?

#### OS PROCEDIMENTOS DE DETERMINACIÓN DE CONTINXENCIAS

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

#### A COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

#### ANÁLISE XURÍDICO-NORMATIVA

#### A LEI DE ENXUIZAMENTO SOCIAL

**Iván Pérez**- Servizos Xurídicos da CIG  
Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

#### COLABORACIÓN

#### OS VALORES LÍMITES DE EXPOSICIÓN A AXENTES QUÍMICOS

**Miguel Martínez Losada**  
Xefe do Centro ISSGA – A Coruña

#### BUSCANDO RUMBO: A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NO SECTOR PESQUEIRO GALEGO

**José Antonio Rodríguez Arribe**  
Xefe do Centro ISSGA – Pontevedra

## Un novo instrumento de información na defensa da saúde laboral

**Antolín Alcántara Álvarez**

Secretario Confederal de Negociación Colectiva e Saúde Laboral  
Confederación Intersindical Galega (C.I.G.)

Prezados compañeiros e compañeiras, nos tempos que corren de ataque, menosprezo e conculcación dos dereitos laborais máis elementais da clase traballadora, o dereito á evitación dos riscos no traballo e á saúde laboral vese cada vez máis comprometido; neste senso, entre outras, necesítase de iniciativas de información que como esta que aquí vos presentamos, esperamos contribúan a mellorar esta situación.

Así as cousas, o exemplar que agora tedes nas mans constitúe a primeira publicación da revista **“CIG-Saúde Laboral”**, que no campo da prevención de riscos e da saúde laboral, aspira a establecer una canle de comunicación permanente e periódica cos traballadores e traballadoras nesta materia, aportando un instrumento de reflexión para a información, a análise e a opinión cualificada de especialistas das distintas disciplinas, nunha perspectiva de defensa inquebrantable do noso dereito á seguridade e á saúde laboral no desenvolvemento da nosa actividade produtiva.

Hoxe máis que nunca cómpre informarse e formarse para defender a nosa saúde, participando e mobilizándose activamente na defensa dos nosos dereitos. Implícate e actúa. Esixe e exerce os teus dereitos.

Sáudos e saúde



[www.cigsaudelaboral.org](http://www.cigsaudelaboral.org)

Plataforma web para a información e consulta  
en materia de Prevención de Riscos e Saúde Laboral

# A infradeclaración de accidentes no sector da automoción

O pasado ano 2011 foi un ano de especial esforzo contra unha das prácticas empresariais máis miserables, que consiste en non permitir a asistencia dos traballadores/as ás mutuas en caso de accidente de traballo. O fin é evitar que consten como tales e reducir así os índices de sinistralidade.

Ante un accidente de traballo, aos traballadores/as accidentados os responsables das empresas dinlles que o accidente non é laboral, que son doenzas que non teñen que ver co traballo, que xa estaba lesionando/a de antes, etc. e que marchen ao médico de familia xa que non é accidente laboral.

Estas persoas quedan lesionadas e sen atención de ningún tipo por parte da empresa. Teñen que desprazarse polos seus propios medios e iniciar unha aldraxante peregrinación solicitando asistencia médica na mutua, centro de saúde ou urxencias máis próximo. En moitos casos nin sequera son atendidos en condicións, xa que os médicos do SERGAS entenden que deben asistir ás mutuas pois o accidente foi no centro de traballo. Nas mutuas non son atendidos tampouco xa que a empresa, ao non consideralo accidente de traballo, non emite o que eles chaman o volante de asistencia á mutua. Hai que dicir que o citado volante non é necesario xa que as mutuas poden comprobar a que empresa pertence cada traballador/a.

As empresas non poden determinar se o accidente é ou non laboral. En todo caso serán os médicos das mutuas os que poidan poñelo en dúbida e solicitar a determinación da continxencia en Inspección Médica.

O que resta é denunciar á empresa e solicitar en Inspección Médica unha determinación da continxencia, que en moitos casos se perde aínda sendo laboral.

Este novo método de camuflar os accidentes de traballo, é especialmente dramático no sector da automoción.

Falamos con **Henrique Pérez, responsable nacional do sector da automoción da Federación do Metal da CIG** que está a liderar as xustas reclamacións e denuncias dos traballadores/as da automoción nesta materia.

## QUE DI A LEXISLACIÓN ACERCA DESTA CUESTIÓN?

A Lei Xeral da Seguridade Social define claramente o que é un accidente de traballo, sendo toda lesión corporal que o traballador/a sufra

con ocasión ou por consecuencia do traballo que execute por conta allea. Legalmente non hai dúbida, mais as empresas interpretan as normas ao seu xeito. Tamén queda claro no artigo 115 que estas lesións sufridas polo traballador durante o tempo e no lugar de traballo presumírase que son constitutivas de accidente de traballo salvo proba en contrario, e isto é algo que as empresas nunca aportan, probas de que non é laboral.

## POR QUE TRATAN AS EMPRESAS DE OCULTAR OS ACCIDENTES?

Queren ocultar os accidentes para baixar os índices de sinistralidade, polo Bonus Malus, as axudas económicas da administración ao ter un índice de accidentes inferior ao do sector. Tamén por esixencias doutras empresas coas que contratan traballos.

E por aforrar custos ás mutuas, que son asociacións de empresas nin máis nin menos. Se o sistema público de saúde corre cos gastos...

## QUE DEBEMOS FACER OS TRABALLADORES/AS ANTE A NEGATIVA DA EMPRESA A QUE ACUDAMOS Á MUTUA?

Se durante o traballo sufrimos calquera lesión que nos impida facer o traballo con normalidade hai que seguir os seguintes pasos:

Comunicalo inmediatamente ao mando directo en presenza do Delegado de prevención ou un compañeiro de confianza que poida testemuñar o acontecido. Se non é posible contactar nese momento co Delegado de prevención fírase o antes posible para que requira de inmediato a investigación do accidente.

Solicitar a asistencia á mutua, e se temos dúbidas sobre a nosa capacidade para conducir ou desprazarnos pola nosa conta pediremos que nos leven ou que chamen ao 112.

Se nos din que non é accidente laboral e que marchemos ao médico de cabeceira, valoraremos o noso estado para ir pola nosa conta ou chamar ao 112 se non podemos desprazarnos con seguridade.

Iremos directamente á mutua de accidentes, que ten a obriga de atendernos con ou sen volante podendo comprobar cos nosos datos en qué empresa traballamos.

Se nos negan a asistencia solicitaremos que nolo digan por escrito e se se negan, farémolo constar no libro de reclamacións oficial de consumo, gardando a nosa copia da reclama-

ción. Inmediatamente iremos ao noso centro de saúde ou a urxencias dependendo da hora e do noso estado. O seguinte paso é ir ao médico de familia para recibir a atención adecuada, se nos dá a baixa comunicámoslo ao delegado para que a través do sindicato se solicite a determinación de continxencia en Inspección Médica. É importante facer constar as declaracións das testemuñas.

Tamén pode pasar que non nos dea a baixa por considerar o médico de familia que o accidente é laboral, nese caso pediremoslle un informe e solicitaremos a baixa en Inspección Médica.

Sempre hai que pasar polo sindicato para asesorarnos e poñer unha denuncia en Inspección de Traballo por denegar a asistencia á mutua e por non notificar o accidente.

Tamén é recomendable presentar unha demanda no Xulgado do Social en caso de non resolverse favorablemente a determinación de continxencias.

## CALES SON AS ESIXENCIAS DA FEDERACIÓN DO METAL NESTA MATERIA?

Esiximos que se traten nas mutuas todos os accidentes laborais con e sen baixa. Que se notifiquen os accidentes sen ocultalos e que se atenda aos traballadores e traballadoras accidentadas co respecto que merecen.

Esiximos que Inspección de Traballo sancione con firmeza esta ocultación de accidentes.

Esiximos que as mutuas atendan a todos os traballadores accidentados que se presenten nos centros asistenciais, e que se despois a empresa ten dúbidas, que sexa ela a que inicie o procedemento de determinación de continxencias.

## CAL É O PAPEL DOS DELEGADOS E DELEGADAS?

Especial alerta ante esta práctica das empresas. Intentar que en todas as quendas haxa alguén disposto a acompañar a un traballador accidentado.

Informar aos compañeiros/as sobre a necesidade de acudir ao sindicato para ter o respaldo necesario e denunciar estes feitos de xeito conxunto. Que ningún caso quede illado e sen responder.

Deixar constancia por escrito nas reunións do Comité de Seguridade e Saúde ou mediante entrega de escritos aos responsables da empresa ■

# Risco químico: ferramentas de información

**A** variedade e gravidade dos efectos adversos das substancias perigosas e a súa crecente utilización na industria e noutras moitas actividades, determinan a importancia do risco químico non só para as persoas senón tamén para o medio ambiente que as rodea.

Segundo a *enquisa nacional de condicións de traballo* no período 2004-2005<sup>1</sup>, realizada polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT), máis dun 20% dos traballadores/as españois manifestaba que no seu posto de traballo manipulaba produtos tóxicos ou nocivos. Ademais, dos traballadores/as expostos tanto por contacto como por inhalación (>30%), o 12% manifestaba que non coñecía os efectos prexudiciais destes produtos e, en relación ao etiquetado, máis do 11% dos enquisados dicían que só algúns dos produtos estaban etiquetados.

Estes datos obtidos na mesma enquisa para o período do 2007<sup>2</sup>, ao se facer un estudo das condicións ambientais dos postos de traballo, non son moito máis alentadores.

O 17,6 % dos traballadores/as afirma manexar compostos ou substancias nocivas ou tóxicas no seu traballo que acostuman a estar etiquetados. O 21 % indica que no seu lugar de traballo respirábase po, fume, aerosois, gases ou vapores nocivos ou tóxicos. Tendo en conta todas as substancias manexadas e inhaladas, a porcentaxe total de traballadores/as afectados é dun 27,5 % sendo os sectores máis afectados o da construción e a industria. O 13,4 % dos traballadores/as que manipulan ou inhalan substancias nocivas afirmaron descoñecer os posibles efectos destas substancias para a súa saúde.

O grao de descoñecemento dos efectos producidos polas substancias nocivas ou tóxicas que se manipula ou coas que se entra en contacto, é similar para todas as empresas salvo para empresas grandes de máis de 500 traballadores, onde é lixeiramente inferior (8,4%). Asemade, o descoñecemento é máis frecuente no sector Agrario (16,8%) e no da Construción (15,2%), e menos frecuente no sector Servizos (11,5%).


No que respecta á información que a empresa facilita aos traballadores/as sobre as medidas a adoptar para a prevención dos posibles efectos prexudiciais dos produtos químicos que manipulan nos seus postos de traballo, son os da industria química e do metal os mellor informados.

O descoñecemento por parte dos traballadores do perigo ao que están expostos polo contacto con determinadas substancias, preparados ou contaminantes químicos é un risco totalmente innecesario e de sinxela solución. Se aínda coñecendo estes perigos moitas veces, por comodidade ou exceso de confianza os traballadores/as pódense poñer en perigo, o descoñecemento é un perigo en si mesmo que se pode evitar sen grandes dificultades.

Por tanto unha ferramenta básica na prevención é a formación e información aos traballadores/as no que se refire aos produtos químicos. Elementos fundamentais neste eido son as **etiquetas** e as **fichas de datos de seguridade** dos produtos. Os traballadores/as deben estar familiarizados/as con estes elementos, saber interpretalos e telos á súa disposición cando manipulen ou entren en contacto con substancias ou preparados perigosos. As **etiquetas** son un elemento de significativa importancia para a protección dos traballadores/as que manipulan produtos químicos, e é fundamental que estes teñan os recursos necesarios para interpretalos de forma axeitada.

Nas etiquetas identifícanse os produtos e aos seus provedores e facilitan, de xeito visual, información sobre os posibles perigos dos mesmos, así coma as pautas básicas para a súa manipulación. Sempre se debe dispor de produtos debidamente etiquetados e no caso de realizar transvases a recipientes máis pequenos e manexables, estes tamén deberán ser debidamente etiquetados.

## Un exemplo de etiqueta é o que segue:



Este modelo de etiqueta corresponde á nova normativa europea para o regulamento de produtos químicos REACH<sup>3</sup> e CLP<sup>4</sup>, co que se ven modificados algúns elementos que afectan á etiquetaxe dos produtos químicos. Aínda está en curso o proceso de adaptación mais é interesante que se coñezan estes cambios, posto que no futuro todas as substancias e mesturas deberán seguir estes criterios.

Un cambio significativo son os novos pictogramas de perigo, que se recollen na táboa a continuación:

NOVOS PICTOGRAMAS	
	<b>Produto tóxico</b> O produto pode producir efectos adversos para a saúde aínda en pequenas doses. A inhalación e a ingestión ou absorción a través da pel poden provocar danos de magnitude considerable, eventualmente con consecuencias mortais.
	<b>Perigo para a saúde</b> Levan este símbolo produtos canceríxenos, mutaxénicos, tóxicos para a reprodución, produtos que afectan a órganos concretos coma o fígado, os riles, pulmóns...ou os que poden producir alerxias respiratorias
	<b>Signo de exclamación</b> Produtos con este símbolo poden producir efectos adversos en doses altas, tamén poden producir irritacións en ollos, gorxa, nariz e pel ou provocar alerxias cutáneas, somnolencia ou vertixe.
	<b>Corrosivo</b> Os produtos marcados con este símbolo poden ocasionar lesións irreversibles na pel e nos ollos e o produto pode atacar e destruír metais.
	<b>Inflamable</b> O produto pode inflamarse en contacto cunha fonte de ignición (lapa, faísca, electricidade estática...) tamén por efecto da calor ou da fricción, por contacto con ar ou con auga ou se se liberan gases inflamables.
	<b>Comburente</b> O produto pode provocar ou agravar un incendio en presenza de produtos combustibles.
	<b>Explosivo</b> O produto pode explotar en presenza de lapa, faísca, electricidade estática, calor, fricción, choques...
	<b>Bombona de gas</b> Levan este símbolo os gases a presión nun recipiente.

Na imaxe da etiqueta pódense observar tamén os cambios relativos aos consellos de seguridade e prudencia, antigas frases R e S, que agora pasan a ser frases H e P e seguen unha nova clasificación. Do mesmo xeito pódese observar a incorporación á etiqueta das palabras de advertencia “**Atención**” ou “**Perigo**” que se empregan para indicar un perigo menos ou máis grave respectivamente.

Outro elemento importante como ferramenta de información para a prevención do risco químico son as **Fichas de Datos de Seguridade** dos produtos (**FDS**). Son obrigatorias para substancias perigosas, substancias tóxicas persistentes e bioacumulables e outras substancias consideradas altamente preocupantes. Deben ser facilitadas polo provedor de xeito gratuito, en papel ou por vía electrónica e no idioma oficial do estado no que se comercialice.

No caso de mesturas, o destinatario pode requirir do provedor a FDS cando unha mestura, aínda non reunindo os criterios para se considerar perigosa, conteña na súa composición un 0,2% en volume ou máis dalgunha substancia perigosa ou un 0.1% ou máis dalgunha substancia considerada altamente preocupante.

As FDS facilitan información pormenorizada dos produtos, moita máis que as etiquetas, e son un elemento indispensable para levar a cabo unha prevención axeitada. Estas fichas conteñen unha descrición detallada das propiedades fisicoquímicas dos produtos, da súa reactividade e estabilidade, e facilitan información toxicolóxica así como as medidas de primeiros auxilios a tomar ou a actuación en caso de emerxencias como fugas, incendios... Tamén dan as pautas a seguir para a manipulación e almacenamento dos produtos e as medidas de protección persoal necesarias. Por todo isto resultan unha ferramenta indispensable en materia de prevención.

Os elementos que deben conter estas fichas son os que seguen:

- Identificación da substancia ou mestura e a sociedade ou empresa
- Identificación dos perigos
- Composición/Información dos compoñentes
- Información sobre primeiros auxilios

- Medidas de loita contra incendios
- Medidas en caso de liberación accidental
- Medidas para a manipulación e almacenamento
- Controis de exposición e medidas de protección persoal necesaria
- Propiedades físicas e químicas
- Estabilidade e reactividade
- Información toxicolóxica
- Consideracións relativas á eliminación
- Información relativa ao transporte
- Información regulamentaria
- Escenarios de exposición, se procede.
- Outra información

O coñecemento dos produtos que se manipulan no traballo é unha ferramenta básica para a protección dos traballadores/as e para levala a cabo é fundamental o cumprimento da normativa e a colaboración de todos. Resulta indispensable que a información útil e veraz flúa dende os fabricantes ou importadores e provedores ata as empresas usuarias das diferentes substancias e mesturas e que esta información chegue aos traballadores/as en contacto con elas para potenciar e fomentar a súa participación activa na protección da súa propia saúde.

1. “Resultados da Enquisa de Condicións de Traballo”. Almodóvar, A.; Nogareda C.; Fraile, A.; Pinilla, J.; Villar, M.F. e varios. Seguridade e Saúde no Traballo. Xullo 2006.

2. “VI Enquisa Nacional de Condicións de Traballo 2007”. Almodóvar A.; Pinilla, F.J.; Nogareda C.; Fraile, A.; e outros.

3. REACH(Regulamento nº 1907/2006 do Parlamento Europeo do Consello) Regulamento Europeo relativo ao rexistro, a avaliación, a autorización e a restrición das substancias e mesturas químicas (Registration, Evaluation, Authorisation and Restriction of Chemicals). Aprobado o 18 de Decembro de 2006. (DUOE L 396 de 30/12/2006).

4. CLP (Regulamento nº 1272/2008 do Parlamento Europeo do Consello) Regulamento europeo sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas. Aprobado o 16 de Decembro de 2008. (DUOE L 353 de 31/12/2008) ■

## SABÍAS QUE?

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

# Os procedementos de determinación de continxencias



**N**a Galiza, e en todo o estado español, moitos accidentes de traballo e enfermidades profesionais son tramitados como enfermidade común; estimase que durante o ano 2011 houbo unhas 11.981 declaracións de enfermidades con patoloxías non traumáticas asociadas ao traballo. Este tipo de patoloxías, que non teñen o recoñecemento de enfermidades profesionais, recaen sobre o sistema público de saúde -cun custe sanitario estimado de entre 150 e 372 millóns de euros- e non nas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da seguridade social que deberían ser as encargadas da súa atención.


En Europa rexístranse unha media de tres enfermidades profesionais por cada mil traballadores/as, mentres que no estado español as cifras son dez veces menores xa que na maioría dos casos estas son etiquetadas como enfermidades comúns. Cando isto acontece, o traballador/a afectado/a non recibe os beneficios que por lei lle corresponden, sufrindo inxustamente

unha redución das súas bases de cotización así como dos complementos que podan estar contemplados no seu convenio de aplicación.

A cualificación como enfermidades comúns daquelas enfermidades que son de orixe profesional, implica que o traballador/a será atendido/a polo sistema público de saúde, quen correrá no lugar da Mutua cos gastos correspondentes a pesares de ser a Mutua quen realmente tería a obriga legal de atendelo por ter asegurado con esta a súa continxencia.

No Gabinete Técnico de Saúde Laboral da CIG, onde realizamos asesoramentos aos traballadores e traballadoras en materia de PRL que así nolo requiren, vemos como cada ano se incrementan os casos de determinación de continxencias profesionais, debido en gran medida á negativa das Mutuas a atender as continxencias que derivan directamente do traballo. A modo de exemplo, e tal e como se pode apreciar no seguinte gráfico, dende o ano 2008 vimos incrementadas as solicitudes deste tipo de actuación, chegando no ano 2011 a realizar un total de 63 solicitudes de determinación de continxencias perante o INSS, dun total de 851 asesoramentos rexistrados realizados en todo o País polos/as técnicos/as do Gabinete.

### Determinacións de continxencias realizadas polo Gabinete Técnico de Saúde Laboral da CIG dende o ano 2008



Polo tanto no Gabinete atopámonos cunha problemática en continuo aumento, se consideramos que o número total de asesoramentos técnicos realizados dende o ano 2008 ata o 2011 foi similar, producíndose un incremento paulatino dos mesmos ata chegar a unha media de 300 asesoramentos máis no 2011 que no 2008.

As determinacións de continxencia, dende un punto de vista técnico, pódese dicir que aportan unha vía de recurso ante as situacións de desprotección nas que se poden atopar os traballadores/as, cando estes/as son vítimas dunha situación de accidente laboral ou enfermidade profesional que a súa mutua se nega a recoñecer e atender, en moitas ocasións por unha inadecuada interpretación das súas responsabilidades e competencias.

Unha das causas máis comúns coas que nos atopamos, prodúcese cando un traballador ou traballadora sofre un accidente laboral e se lle denega a atención ou o tratamento que require a lesión que provocou dito accidente, é dicir, plantéxase a situación que o traballador ou traballadora foi atendido na súa Mutua na data do accidente -e así o demostran os partes de asistencia e de atención da mesma-, mais se lle informa que a súa baixa médica a terá que tramitar pola Seguridade Social, co conseguinte prexuízo, en moitos casos, económico para o traballador/a, aínda que non para a mutua que vai a aforrar o pago da continxencia. Nestes casos inicianse os trámites pertinentes perante o INSS para a clasificación da continxencia como profesional, as máis das veces coa “desvantaxe” para o/a traballador/a que se verá na obriga de demostrar que iso que lle aconteceu, se produciu no lugar de traballo e se deriva da súa actividade laboral, isto é, que -contrariamente ao que establece a leixión- toda a carga da proba recae sobre o traballador/a accidentado/a, o cal ás veces convértese nunha importante dificultade engadida e nun verdadeiro calvario para el/ela.

**O inicio dos trámites** para a realización dunha solicitude de determinación de continxencia pódese realizar:

- Polo propio traballador/a.
- Pola Inspección Médica.
- Pola Mutua.

As competencias sobre as continxencias comúns as ten o Sistema Público de Saúde, e as das continxencias profesionais as teñen as Mutuas; **no caso de solicitar unha determinación de continxencia o faremos perante o Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS)** que actuará como árbitro en tódalas situacións dubidasas ou que susciten algún tipo de conflito. En calquera caso será o INSS quen terá que emitir a resolución.

*Cando un traballador/a acude ao seu médico de familia para tramitar unha baixa médica que deriva de continxencias profesionais pódense dar dúas situacións:*

**1. Que a baixa médica aínda non fora emitida**, é dicir, que a situación sexa **previa á extensión da IT por continxencias comúns** o cal nos pode levar a diferentes estatus:

- O médico de familia emite parte de baixa médica facendo constar no mesmo que se trata dunha continxencia profesional para que se poida realizar a solicitude de determinación perante o INSS.
- Que o médico de familia remita ao traballador/a á Inspección Médica sen facilitar a baixa médica. Neste caso a Inspección Médica pode actuar de dúas formas:
  - a) Ditaminando que non procede a IT, do cal informará ao médico de familia.
  - b) Ditaminando que procede a IT, do cal informará á mutua e decidirá sobre tres supostos:

- I. Procede a IT por continxencia profesional.
- II. Procede a IT pero por continxencia común.
- III. Non procede a IT e o traballador/a pode ir a traballar.

Cando se dá o suposto recollido no punto I. darase traslado ao INSS da situación para o seu coñecemento e que a Dirección Provincial correspondente emita unha resolución sobre dita continxencia.

**2. Que xa se teña iniciada a IT por continxencias comúns;** neste caso a actuación pode ser a seguinte:

- Que o médico de familia remita ao traballador/a á Inspección Médica tan pronto como o detecte ou teña a sospeita de que a continxencia pode vir derivada do traballo. Neste caso a actuación da Inspección Médica pode ser a seguinte:

**1.** Non procede IT; polo que se informa ao médico de familia para que emita parte de alta médica.

**2.** Procede a IT; polo que informará á Mutua e decidirá sobre tres supostos:

- 2.1. Procede IT por continxencia profesional.
- 2.2. Procede a IT pero por continxencia común.
- 2.3. Non procede a IT pero o traballador/a non está capacitado para o seu traballo, polo que se remitirá á comisión correspondente -dependendo da Comunidade Autónoma-, que determinará se procede ou non a IT e se definirá a continxencia.

Os recursos económicos que destina o Estado Español a través da Seguridade Social relacionados coa Prevención de Riscos Laborais, son executados polas Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social, polo que tódalas actuacións das mesmas neste senso deberían de ir encamiñadas á mellora da saúde dos traballadores e traballadoras e non á deterioración e a degradación asistencial que se está a producir nos últimos anos. Por isto dende a CIG opinamos, como outros estudosos do tema, que a mellora da calidade asistencial e o “non encubrimiento” de patoloxías relacionadas co traballo redundará nunha mellora constante das condicións de traballo e na produtividade das empresas; por este motivo tentamos que, aínda que sexa dende a actuación particular de cada traballador/a se denuncie e se reclame cada patoloxía que poida ter relación co traballo e que non fora tratada axeitadamente. Igualmente tamén estaremos apoiando e reclamando que definitivamente se poñan en funcionamento por parte da Administración os mecanismos precisos para a detección das patoloxías relacionadas co traballo mediante os sistemas de alerta de sospeita de enfermidade profesional, que agardamos sexa un apoio máis no camiño da mellora da xestión das continxencias relacionadas cos Riscos Laborais ■

# A coordinación de actividades empresariais

**A** concorrência de actividades produtivas de distintas empresas no centro de traballo dunha delas, non é unha cuestión novidosa nin dende o punto de vista económico, nin do normativo ou da prevención de riscos laborais.

A partires da década dos oitenta, os avances tecnolóxicos favoreceron a introdución de novos modelos organizativos da produción nas empresas, mudando en moitos casos as características da organización tradicional do traballo.

Do control completo do ciclo de produción de bens e servizos (integración vertical) pasouse á segmentación do ciclo produtivo (integración horizontal) e á autonomía de cada empresa nas súas relacións coas demais, dando paso á dependencia e coordinación das actividades empresariais. O modelo de organización empresarial tradicional dá paso a técnicas de xestión de descentralización produtiva, a un xeito de produción de bens e prestación de servizos no que a división do traballo se externaliza.

Dende o punto de vista normativo, xa a ordenanza xeral de Seguridade e Hixiene no traballo (9 de Marzo do 1971) establecía que “a empresa principal responderá solidariamente cos contratistas e subcontratistas do cumprimento das obrigas que impón esta ordenanza respecto dos traballadores que aqueles ocupen nos centros de traballo da empresa principal.”

Esta norma, obviamente forma parte da cultura reactiva en materia de seguridade e saúde laboral, orientándose claramente a medidas sancionadoras ou represivas, centrando o seu interese no problema da responsabilidade dos empresarios principais.

A **LPRL 31/95**, proactiva e participativa, establece no **artigo 24** obrigas xenéricas de coordinación, mais a súa reforma, **Lei 54/03**, establece a obriga do seu desenvolvemento regulamentario, do que emana a aprobación do **RD 171/04** de coordinación de actividades empresariais, marco normativo que podemos considerar como “ferramenta de traballo técnico, de participación e consulta dos traballadores” para a prevención, a seguridade e a saúde laboral non só nun novo modelo de organización do traballo, senón tamén nunha realidade que fai crible o dito: “As pemes non son as que máis sinistralidade xeran, esto só é certo cando traballan para as empresas grandes.”

A coincidencia de traballadores/as de distintas empresas nun mesmo centro de traballo é unha circunstancia que favorece a concorrencia de accidentes de traballo, que, segundo as estatísticas, son en moitas ocasións graves e mesmo mortais.

As obrigas establecidas na lexislación constitúen para todas as empresas e traballadores/as autónomos/as concorrentes, non só un deber, senón reciprocamente un dereito e un marco referencial para garantir a seguridade e a saúde de todos os/as traballadores/as concorrentes no centro de traballo.

**Os delegados/as de prevención e no seu defecto os representantes legais dos traballadores deben ser informados dos casos de concorrencia empresarial**, podendo participar nos procesos preventivos asociados a estas situacións na medida en que repercuta na seguridade e saúde dos traballadores/as por eles representados.

## OBRIGAS DE TODAS AS EMPRESAS E TRABALLADORES AUTÓNOMOS QUE CONCURREN NUN CENTRO DE TRABALLO: O Deber de cooperación.

### Intercambio de información:

As empresas teñen a obriga de informarse reciprocamente sobre os riscos específicos que se xeneren no centro de traballo, así como das situacións de emerxencia que poidan afectar ás outras empresas concorrentes nese centro. Esta información realizarase de xeito previo ao inicio das obras ou actividades e farase por escrito no caso que se xeneren riscos graves ou moi graves, debendo ser revisada e actualizada no caso de que se produza un cambio relevante nas actividades concorrentes ou nunha situación de emerxencia.

En todos os casos as empresas concorrentes deberán informarse entre si dos accidentes de traballo que se produzan como consecuencia da concorrencia, e cumprir as instrucións emanadas da empresa titular -xeralmente empresa principal- do centro de traballo no exercicio das súas responsabilidades.

### Avaliación de riscos e planificación:

Os riscos identificados derivados do proceso de concorrencia deberán incluírse na avaliación de riscos, así como na planificación preventiva das medidas correctoras en cada unha das empresas concorrentes, que deberán incorporar as súas avaliacións de riscos ás propias do centro de traballo recibidas da empresa titular, así como informar aos seus traballadores/as dos riscos derivados da concorrencia.

## MEDIDAS PARA REALIZAR A COORDINACIÓN ENTRE AS EMPRESAS CONCURRENTES

O actual marco normativo ofrece distintas posibilidades ou medios para cumprir co deber de cooperación preventiva das empresas concorrentes que en principio deberá impulsar a empresa titular do centro.

Para a determinación das medidas de coordinación deberá terse en conta previamente, tanto o grao de perigosidade dos riscos identificados como o número e características dos traballadores/as afectados e a duración da concorrencia.

Dentro das posibles medidas e actuacións a levar a cabo para facer efectiva a coordinación poderíamos enumerar as seguintes:

- Establecemento de sistemas de información e comunicación, que inclúan a celebración de reunións (diarias) de posta en común da información, así como a celebración de xuntanzas periódicas conxuntas dos Comités de Seguridade e Saúde ou no seu defecto das empresas e os seus delegados/as de prevención.
- Determinación, deseño e establecemento conxunto de medidas específicas de prevención e de impartición das instrucións correspondentes.
- Personación no centro de traballo dos recursos preventivos das empresas concorrentes.
- Todas aquelas outras contempladas nos correspondentes convenios colectivos.

## OBRIGAS DA EMPRESA PRINCIPAL: O deber de vixilancia

Ademais das obrigas de cooperación e as propias da empresa titular do centro antes citadas, esta deberá:

- Vixiar o cumprimento da normativa de prevención das empresas contratantes e subcontratadas, incluídos traballadores autónomos que realicen obras e servizos que correspondan á propia actividade da empresa principal.
- Esixir antes do inicio da actividade que todas as empresas contratistas e subcontratistas incluídos os autónomos, lle acrediten a realización da avaliación de riscos, a planificación de medidas correctoras e o cumprimento das obrigas de información e formación.
- Comprobar e verificar que todas as empresas contratistas e subcontratistas estableceron medidas de coordinación entre elas.

## O RECURSO PREVENTIVO

No suposto de concorrencia de actividades é obrigatoria a presenza dun recurso preventivo.

O recurso preventivo é unha nova figura que introduce na actividade preventiva a lei 54/2003, coa intención de permitir a súa eficaz integración nos procesos produtivos.

Cando os recursos preventivos dunha empresa deban estar presentes no centro de traballo, poderán ser igualmente encargados da coordinación das actividades preventivas cando se lles asigne o cumprimento do previsto no artigo 32 bis da LPRL 31/95.

A empresa poderá establecer como recursos preventivos aos traballadores/as designados da empresa, así como aos membros do servizo de prevención propio ou alleo concertado pola mesma.

En todos os casos os recursos preventivos deberán ter capacidade dabondo, dispoñer dos medios necesarios para o desenvolvemento do seu cometido, ser suficientes en número para vivir o cumprimento e implementación das medidas e instrucións preventivas, e permanecer no centro de traballo durante o tempo no que se manteña a situación que determine a súa presenza.

### A PARTICIPACIÓN ACTIVA DOS TRABALLADORES/AS ESPECIALISTAS NO PROCESO DE COORDINACIÓN

O empresario pode tamén asignar de forma expresa ao proceso de coordinación de actividades, a un ou varios traballadores/as da empresa que, sen formar parte do servizo de prevención propio nen ser traballadores/as designados, reúnan os coñecementos, a cualificación e a experiencia necesaria nas actividades ou procesos, e contén coa formación preventiva correspondente, como mínimo, as funcións do nivel básico.

En todos os casos estes traballadores/as especialistas deberán manter a necesaria colaboración cos recursos preventivos da empresa.

### FUNCIÓNS DAS PERSOAS ENCARGADAS DA COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVENTIVAS

A persoa ou persoas encargadas da coordinación das actividades preventivas deberán contar, como mínimo con formación preventiva de técnico de nivel intermedio, debendo desempeñar entre outras as seguintes funcións e responsabilidades:

Favorecer o cumprimento dos obxectivos previstos no artigo 3 do **RD 171/2004**, servindo de cauce para o intercambio das informacións que, en virtude do establecido neste RD deban intercambiarse as empresas concorrentes no centro de traballo.

Propoñer ás empresas concorrentes a adoción de medidas para a prevención dos riscos existentes no centro de traballo que poidan afectar aos traballadores/as presentes.

Impartir ás empresas concorrentes as instrucións que sexan necesarias para o cumprimento das súas obrigas preventivas.

Para a realización destas funcións, o/os responsable/s da coordinación das actividades preventivas poderán coñecer as informacións que intercambien as empresas concorrentes, así como acceder a calquera zona do centro de traballo.

### INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA PARA UN AXEITADO DESEÑO PREVENTIVO

Dende a perspectiva preventiva do proceso de concorrencia de actividades, a representación sindical dos traballadores/as deberá ter en conta a conveniencia de acceder a algunha información significativa do conxunto das empresas concorrentes, mais alá da explicitada como de dereito á información polo **RD 171/04** (avaliación de riscos da empresa subcontratada, instrucións da empresa titular, etc) en relación as súas propias empresas, debido á importancia da mesma para valorar axeitadamente os riscos asociados aos procesos de concorrencia aos que os traballadores/as estarán expostos, especificamente é de especial importancia aquela información relativa aos traballadores/as que participarán nos traballos: número de traballadores/as previsto

para a realización do traballo e tempo previsto para a realización da obra; cualificación e experiencia profesional dos traballadores/as; condicións psicofísicas dos mesmos, a considerar en relación ás esixencias ás que van estar sometidos e as condicións ambientais e de espazo nas que deberán desenvolver o seu traballo; tipo de contrato de traballo, etc; así como aquela outra información relativa as equipas de traballo a utilizar polas empresas nos procesos de concorrencia (en moitas ocasións a través de equipas alugadas), por constituir estas equipas en si mesmas e polo seu manexo e manipulación, factores de risco de consideración para os operarios presentes na área de traballo, merecendo especial atención entre outras: de acceso a espazos elevados (escaleiras, plataformas); de movemento de cargas; de montaxe (ferramentas eléctricas ou hidráulicas); de tratamentos superficiais (pintura, limpeza), etc.

A información á que teñen dereito os delegados de prevención e os **Comités de Seguridade e Saúde (CSS)** explícitase no **art.17 da LPRL 31/95, e no R.D. 1215.**

Aínda que este tipo de información poida ter a consideración inicial de ser exclusiva do ámbito propio de cada empresa (titular, principal, auxiliar ou autónomos), a súa importancia para identificar e medir os riscos derivados dos procesos de concorrencia fai necesario que procedamos a solicitar a mesma fundamentando a nosa esixencia/reclamación, no marco normativo que regula o **dereito á información, consulta e participación (LPRL 31/95, artgs 18 e 33)**, a regulamentación de integración da prevención (eixo da reforma **54/2003 da LPRL** no seu **artigo 16** e da reforma 604/06 do RD 39/97 no seu **artigo 1**), e no **Estatuto dos Traballadores no seu artigo 64** ■

## ANÁLISE XURÍDICO-NORMATIVA

Iván Pérez, Servizos Xurídicos da CIG | Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

# A lei de enxuizamento social

## Memoria histórica

A principios do século XX en resposta á mobilización Sindical pola situación de desamparo xurídico que viña sufrindo a clase obreira en materia de saúde laboral, especialmente no que atinxe ao concepto amplo da "reparación do dano", promúlgase a primeira lei que abordará dun xeito balsámico a necesidade de dar resposta ás condicións de insalubridade no ámbito laboral e a exposición aos riscos de sufrir accidentes ou enfermidades profesionais. Nace así a *Lei de Accidentes de Traballo*, que introducirá o recoñecemento dos traballadores/as a "reparar" a súa saúde danada no ámbito laboral, admitindo logo que o traballador troca a súa forza de traballo a cambio dun salario, mais non, a cambio da súa saúde.

A medida xurídica redactada e ditada pola burguesía do momento, tratará de contentar ás dúas partes enfrontadas, nacendo así as *Mutuas de Accidentes de Traballo*; empresas que non darán unha axeitada solución á necesaria *reparación do dano*. Unha vez máis, a clase obreira

verase manexada e enganada nas súas reivindicacións, por *leis brancas* incapaces e inapropiadas para darlle unha eficaz resposta xurídica aos problemas plantexados, situación esta, que por certo aínda agora estamos a padecer.

## Lei de Procedemento Laboral

No ano 1995 nace a *Lei de Procedemento laboral*, en gran medida co obxecto de ordenar a lexislación dispersa, desconexa e anacrónica. Esta normativa, regulaba condicións laborais específicas en materias ben definidas, sendo precisa a necesidade de accionar pretensións, "demandas", noutros Tribunais de Xustiza de diferentes ordes xurisdiccionais, como é o Civil, Mercantil e Contencioso-Administrativo, para chegar á satisfacción do "dano" na súa *integridade*, como viña sendo a reclamación por accidente laboral. No ámbito do Xulgado do Social ditábase a determinación da continxencia, laboral ou non, ou ben sobre o recargo das prestacións por falta de adopción das medidas de seguridade no traballo, mais ¿Cómo reclamaba o accidentado a indemnización por

danos e prexuízos, patrimoniais ou morais?, a resposta a esta pregunta era desalentadora fora perante o Xulgado do Civil ou do Penal, Xulgados estes ligados a procedementos procesuais dilatados no tempo e formalistas (necesidade de avogado e procurador). A Lei de Prevención de Riscos Laborais constitúe un intento do lexislador para a “unificación das leis dispersas anteriores” coa intención de dar resposta aos problemas actuais no marco laboral, vencendo o anacronismo normativo herdado.

A presión constante das Organizacións Sindicais e a entrada en 1986 do Estado Español na Unión Europea, constituirán o punto de partida para o nacemento de estas dúas leis reguladoras do marco laboral, e máis concretamente do dereito á saúde no traballo.

Estas leis nacen inicialmente coa ilusión de dar resposta a máis de cen anos de reivindicación e de loita da clase obreira pola dignidade e a integridade da saúde no traballo. O que coñece estas leis, ou quen sofre un proceso xurídico no marco das mesmas, atópase coa gravosidade que conleva defender o dereito á saúde: peritos, informes médicos, dificultades de probas, necesidade de tomar mostras, medicións, etc.

## Nova Lei de xurisdición social 36/2011

É salientable a muda que o lexislador fai na definición de esta nova lei, que anova a súa antecesora “lei de procedemento laboral” por “xurisdición social”, termo máis acertado e preciso que “procedemento” e así o demostra en:

1. Concentrar na orde social, dada a súa maior especialización, o coñecemento de todas aquelas materias, que de forma directa ou por esencial conexión, poidan cualificarse como sociais (unificación de criterios, civil, contencioso-administrativa).

As reclamacións fronte ás Resolucións Administrativas e aos ERES, son competencia, dende a reforma, da Xurisdición Social e non da Contencioso-Administrativa como viña sendo.

2. Axilizar o procedemento a través da súa modernización e simplificación.

Créase un procedemento abreviado para as accións de reclamacións de cantidades.

3. Mellorar as técnicas e a adaptación á normativa vixente, para evitar dispersión normativa e a dificultade de localizar os preceptos aplicables.

## UNIFICACIÓN DE COMPETENCIAS NA ORDE SOCIAL

(reclamación do dano “íntegro”)

### En materia de prevención de riscos laborais artigo 2:

1. Mellóranse as cuestións litixiosas relativas aos accidentes de traballo, axuizando a todos os suxeitos que concorresen na produción do dano sufrido polo traballador, no marco laboral ou en conexión directa con el.

Observamos a inclusión na disposición da “extensión da acción” fronte non só aos suxeitos que manteñen unha relación laboral, senón tamén fronte a aqueles que manteñen unha conexión directa con el. Sendo polo tanto preciso demostrar una conexión ou causalidade directa.

2. As cuestións relativas aos órganos de representación de persoal: Delegados/as de Prevención e Comités de Seguridade e Saúde.

A asignación prodúcese con carácter pleno, incluíndo aos funcionarios ou persoal estatutario, que deberán expor as súas reclamacións ante a orde social, en igualdade de condicións que un traballador/as por conta allea.

### Dereitos Fundamentais e liberdades públicas artigo 2.f:

■ É o principal garante dos dereitos fundamentais e liberdades públicas no ámbito da relación de traballo. Exemplo: casos de acoso laboral.

En materia de impugnación dos actos administrativos ditados en materia laboral e de Seguridade Social [artigo 2.o]:

■ Valoración, recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade.

Regúlase unha nova modalidade procesual a partir dunha demanda contencioso-laboral, que serve de canle para a impugnación dos actos administrativos en materia laboral.

Litixios polos danos sufridos no ámbito da prestación de servizos ou que teñan a súa causa en accidentes de traballo ou enfermidades profesionais.

### Materias excluídas artigo 3:

Cuestións entre empresario e terceiros obrigados á coordinación de actividades preventivas ou organización dos servizos de prevención.

## NOVIDADES SOBRE CAPACIDADE, LEXITIMACIÓN, REPRESENTACIÓN E DEFENSA PROCESUAIS

Recoñecemento da lexitimación pasiva, capacidade de demandar das comunidades de bens (os veciños dun edificio) e grupos sen personalidade que actúen como empresarios (asociacións ou empresas sen rexistrar) (artigo 16.5). Sindicatos (artigo 17.2):

## MODERNIZACIÓN E AXILIZACIÓN DO PROCEDEMENTO

### Acumulación de accións:

■ En reclamacións de accidentes de traballo e enfermidades profesionais poderanse acumular todas as pretensións de resarcimento de danos e prexuízos derivadas dun mesmo feito (artigo 25.5). Temos aquí unha ferramenta de acción que ofrece a posibilidade na mesma demanda fronte á reclamación de accidentes de traballo ou enfermidades profesionais de solicitar as indemnizacións por danos e prexuízos patrimoniais ou morais.

### Práctica da proba

■ O xuíz ou tribunal resolverá sobre a pertinencia das probas propostas e natureza e clase de cada unha delas (artigo 87.2).

■ Introdúcense normas para lograr unha maior certeza e maiores garantías para a defensa: normas específicas sobre procesos complexos para manter a oralidade sen indefensión no exame e práctica da proba e conclusións, evitar as meras ratificacións innecesarias do persoal médico ou inspector nas súas previas intervencións durante a tramitación administrativa, así como as probas testificais de escaso valor probatorio (artigos 90 e seguintes).

É dicir, as probas por complexas que sexan debe ser orais, escoitalas as partes, propiciando así a contrariedade (defensa) da proba e evitando as indefensións.

■ Novas regras sobre a carga probatoria, en especial en materia de accidentes de traballo: os debedores de seguridade deberán probar a adopción das medidas para previr ou evitar o risco. Non é elemento que exonere de responsabilidade a culpa non temeraria do traballador nin a que obedece ao exercicio habitual do traballo ou a confianza que este inspira (artigo 96.2)

Os “debedores da seguridade” son os empresarios. A nova lei reforza e clarifica as obrigacións que estes teñen en relación á “práctica e adopción de todas as medidas de seguridade no traballo”, é dicir, o traballador non precisa demostrar que non se adoptaron as mesmas na proba dun accidente laboral ou enfermidade profesional.

## NOVIDADES PARA A EVITACIÓN DO PROCESO

■ Refórzase a conciliación extraxudicial ou a mediación e a arbitraje (artigo 64.3). Á conciliación previa engadiuse a mediación e os laudos arbitrais. Reforza así a evitación dos xuízos con la intención de potenciar os acordos.

■ Exceptúase da conciliación ou mediación previa, ademais dos xa existentes, os procesos de anulación de laudos arbitrais, os de impugnación de acordos de conciliacións, mediacións e transicións (artigo 64.1). Acelérase o proceso, redúcense os tempos na satisfacción da pretensión demandada ■



# Os valores límite de exposición a axentes químicos



**O**s axentes químicos que se empregan ou se producen no traballo poden xerar un risco laboral segundo as características do propio axente e o seu emprego ou presenza.

Defínese, na normativa laboral, que un axente químico é perigoso cando pode representar un risco para a seguridade e saúde dos traballadores debido ás súas propiedades fisicoquímicas, químicas ou toxicolóxicas e á forma en que se utiliza ou estea presente no lugar de traballo.

Tamén debemos lembrar os termos “substancias e mesturas perigosas” definidas nos Regulamentos europeos **REACH** e **CLP**. Esta regulamentación, que regula a clasificación e as condicións de comercialización, é a que define e obriga á existencia de fichas de datos de seguridade de substancias e mesturas perigosas así como a que clasifica en detalle, as substancias polos seus riscos. Esta regulamentación refírese soamente as substancias e mesturas comercializadas.

As regulamentacións **REACH** e **CLP** son moi avanzadas tecnicamente e inclúen cousas tan importantes como a clasificación de riscos, as **frases H** e as **fichas de datos de seguridade**.

Non obstante a normativa laboral obriga ademais á avaliación ou valoración dos riscos por exposición a axentes químicos que poidan existir nun posto de traballo, para o que o coñecemento e uso das fichas de datos de seguridade é unha achega imprescindible. Se nun posto de traballo se emprega unha substancia ou mestura perigosa, o primeiro paso é a análise da ficha de datos de seguridade, que debe proporcionar o fabricante ou subministrador. Se non

se dispón da Ficha de datos de seguridade temos que afirmar que hai situación de risco.

Ademais, unha vez coñecida e analizada a información que subministra a **FDS** e adoptadas, se é o caso, as medidas preventivas que esta indica, é necesario avaliar o risco que aínda poida existir.

Non imos entrar aquí nos detalles ou procedementos a empregar para esta avaliación; soamente mencionar que as avaliacións simplificadas, que se están a propiciar nos últimos anos son recomendables como un paso do proceso de avaliación, que permite non dilatar as avaliacións, como vén sucedendo na actualidade lamentablemente.

Ao final do proceso se non se conseguiu eliminar o risco aplicando as indicacións das **FDS** ou das avaliacións simplificadas será necesario, no caso de risco por inhalación, a realización de medicións e comparacións cos chamados valores límite de exposición ao risco por inhalación.

No estado español o concepto de *Valor límite* está definido no **Real Decreto 374/2001** sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo, que remite aos valores límite de exposición profesional para os axentes químicos publicados polo **INSHT** como valores de referencia para a avaliación e control dos riscos orixinados pola exposición dos traballadores a axentes químicos.

O **INSHT** elabora documentos técnicos que son analizados por un grupo de traballo sobre valores límite da *Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no*

*Traballo*, quen posteriormente, estuda e aproba, no seu caso, en pleno, as propostas do grupo de traballo.

Os primeiros valores límite en España foron publicados en 1999 e dende entón véñense publicando anualmente un novo documento que inclúe as modificacións nos valores así como as propostas de modificación que son sometidas a estudo durante varios anos.

O último documento aprobado é "*Límites de exposición profesional para axentes químicos 2012*" publicado nos primeiros días de xaneiro na web de **INSHT**.

Basicamente os conceptos e valores incluídos neste documento son o resultado dunha avaliación crítica dos valores límite de exposición profesional establecidos polas entidades máis relevantes e prestixiosas na materia, tendo en conta, fundamentalmente, a fiabilidade dos datos utilizados para o establecemento de cada un deles e a súa data de actualización.

É subliñable a referencia ás recomendacións do Comité científico dos valores límite de exposición, creado no 1995, dependente da Comisión Europea (*The Scientific Committee on Occupational Exposure Limits SCOEL*), e aos valores límite de outros países (legais ou científicos).

As Recomendacións do **SCOEL** podemos velas en:

<http://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=153&langId=en&intPageId=684>

Así mesmo podemos ver a comparación entre valores límite de moitos países na base de datos **GESTIS** do Instituto oficial alemán IFA <http://www.dguv.de/ifa/en/gestis/stoffdb/index.jsp>

Os *Límites de Exposición Profesional* son valores de referencia para a avaliación e control dos riscos inherentes á exposición, principalmente por inhalación, aos axentes químicos presentes nos postos de traballo e, polo tanto, para protexer a saúde dos traballadores.

Non constitúen unha barreira definida de separación entre situacións seguras e perigosas se non criterios para empregar técnicamente nunha avaliación de riscos.

Nos LEP españois inclúense os *valores límite de exposición ambiental (VLA)* que son valores de referencia para as concentracións dos axentes químicos no aire, e representan condicións ás cales se cre, baseándose nos coñecementos actuais, que a maioría dos traballadores poden estar expostos día tras día, durante toda a súa vida laboral, sen sufrir efectos adversos para a súa saúde, e *valores límite de exposición biolóxicos (VLB)* que son os valores de referencia para os Indicadores Biolóxicos asociados á exposición global aos axentes químicos.

Nos valores LEP 2012 aparecen algunhas novidades entre as que podemos sulñar o feito que se retira o VLA dos fumes de soldadura, ao terse quedado obsoleto o valor pola actualización do VLA dos compoñentes; indícase que nos fumes de soldadura deben terse en conta os valores límite de cada un dos compoñentes do fume, especialmente metais.

Incorporáronse novos valores máis restritivos correspondentes a 15 axentes entre eles *acetato de 2-etoxietilo, ácido sulfúrico, fenol, isocianato de metilo mercurio elemental* e os seus compostos inorgánicos divalentes.

Formuláronse como propostas de modificación valores máis restritivos para *algodón, cemento portland e dieldrin*.

Tamén hai modificacións ou propostas de modificación para valores límite biolóxicos.

En definitiva, os valores límite son importantes ferramentas de traballo para a protección da saúde dos traballadores, con sólido fundamento legal, que evolucionan permanentemente cos coñecementos científicos e que deben empregarse nas avaliacións de riscos de xeito rigoroso ■

## COLABORACIÓNS

José Antonio Rodríguez Arribe, Xefe do Centro ISSGA – Pontevedra | Técnico Superior de Prevención | Experto en seguridade pesqueira

# Buscando rumbo: A prevención de riscos laborais no sector pesqueiro galego



**C**ómpre comezar esta andaina facendo referencia ao día 10 de Novembro de 1995, data simbólica na que se publica a Lei de Prevención de Riscos Laborais, que foi recibida con refachos de escepticismo nalgúns sectores sociolaborais, e coa convicción da maioría dos prevenciónistas de que sen ser a pedra filosofal, ía poñer os alicerces do desenrolo normativo que daría vida a unha nova forma de organización para defender e preservar a saúde dos traballadores.

Os seus efectos notáronse axiña nas industrias e nas fábricas, que iniciaron un proceso de adaptación ás novas demandas de prevención. De súpeto aparecen conceptos ata agora non contemplados e que mesmo son descoñecidos para moitos. Fálase da identificación dos riscos presentes no posto de traballo, da súa avaliación e do plan de acción para controlalos. Fálase de formación e información dos traballadores, dos órganos de control da prevención, das modalidades de organización, etc. Dende a administración, pónense en marcha plans e programas tendentes a mellorar as condicións de traballo, que poidan axudar a empresarios e traballadores a desenvolver estes novos requerimentos.

Esta marea preventiva non chegou por igual a todos os sectores de actividade. A pesca, un dos máis importantes para Galiza, quedou apartada inicialmente e só se notaron tímidos inicios nalgúns asociacións de armadores.

O esquecemento inicial da prevención pola pesca, tiña poucas bases en que se sustentara, pois estamos a falar dunha das actividades laborais máis perigosas que se coñecen, que se desenvolve nunha superficie de traballo en inestabilidade permanente e na que non se ten control sobre as condicións meteorolóxicas que poden comprometer a seguridade da embarcación. O barco para os pescadores é ao mesmo tempo centro de traballo, vivenda e centro de ocio. As extensas xornadas de traballo e os horarios, veñen condicionadas polas capturas e polas artes ás que se dedique cada embarcación.

O sector pesqueiro ten unha importancia enorme para Galiza dende todos os puntos de vista, e son moitas as características que condicionan a potencia deste sector. Os 1.195 quilómetros de costa que posúe e a proximidade da súa poboación á mesma (máis do 70% vive a menos de 50 quilómetros do mar), son só unha pequena carta de presentación coa que enmarcar as máis de 25.000 persoas que viven directamente da pesca. Cando constatamos que cada emprego no mar crea catro empregos en terra, entón xa estamos a falar dun sector que constitúe un dos pulmóns económicos deste país.

Galiza necesitaba urxentemente adicarse a atender e espallar a prevención neste sector tan importante, o que conlevaba a mellora das condicións de traballo e a saúde dos nosos pescadores, mariscadoras, redeiras, etc. No ano 2.000, a administración galega asume esta realidade e comeza a executar accións específicas de concienciación e explicación polas Confrarías e Asociacións de Armadores de toda a costa. Este traballo inicial desemboca no *Plan Vixía* de Prevención de Riscos Laborais para o sector pesqueiro de Galiza que ten continuidade nestes momentos.

Non foi doado. Teño rememorado algunha vez que os comezos foron dúbidosos, pois implicaba establecer contactos, gañar confianza e inculcar interese pola mellora das condicións de traballo nun sector tradicionalmente alonxado da prevención, e no que raramente se albiscaba outra preocupación que non fora a seguridade marítima.

Tivemos que facelo todo dende o principio, pero as condicións cambiaron moito dende aquela.

Os técnicos do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral - ISSGA, especialistas no sector pesqueiro, visitamos e o seguimos a facer, moitísimos buques de pesca por toda a costa galega, e constatamos unha transformación enorme.

Hoxe en día, nas flotas de Altura e Gran Altura é impensable atopar un buque de pesca que careza de Plan de Prevención. É unha pesca máis industrial que faena lonxe das nosas costas.

Nas flotas de Baixura e Artesanal, os cambios tamén son notables. Neste tipo de flota pequena, que constitúe o 86% do total de flota de Galiza, abundan os traballadores autónomos, o que dificulta a adopción de medidas preventivas nas embarcacións. Con todo, quero facer referencia a un feito absolutamente novidoso no sector, como foi a decisión que tomaron os pescadores galegos de crear *Servizos de Prevención Mancomunados*.

A *Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI)* artellou un SPM que dá servizo aos socios desta cooperativa, e a *Federación Galega de Confrarías de Pescadores* á súa vez, deu vida a *Mar Seguro de Galiza*, que atende dende o punto de vista preventivo aos mariñeiros, mariscadoras, redeiras, etc. que sexan membros da mesma, teñan ou non obrigas preventivas.

Este fenómeno é visto con bos ollos por todos, pois permite a estes servizos dispoñer de Técnicos de Prevención “especialistas” no sector, o que entendemos supón un plus de mellora.

Fixéronse moitas cousas a nivel preventivo na pesca pero nos quedan outras moitas que facer. Temos Plans de Prevención de Riscos Laborais nos barcos, melloramos as condicións materiais, temos buques máis modernos, mellores técnicas de pesca, mellores aparatos de comunicación e detección de pesca, pescadores máis formados, e por suposto, mellores elementos de seguridade e salvamento. Mais isto non é todo. O seguinte paso chámase integración. Cómpre que a prevención forme parte da faena diaria, que cada fase de traballo, cada tarefa e cada subtarefa que realice cada tripulante, se faga con pericia mariñeira pero dun xeito seguro.

Temos que resolver aínda moitos paradoxos que nos indican a necesidade de reformas en determinados apartados normativos, na responsabilidade das persoas a bordo, na adaptación da formación das tripulacións ás novas realidades, e algunha outra na que seguro todos temos matinado.

O Sector Pesqueiro Galego, a administración, as organizacións empresariais e sindicais, temos a obriga de estar niso. Todos xuntos e levando a voga ao compás. Necesitamos seguir “buscando rumbo” ■

DESCRIPCIÓN		Nº BARCOS	TRB	GT	POTENCIA CV	POTENCIA KW	
PESQUEIRIA INTERNACIONAL (Gran Altura)	ARRASTRE	BACALLAEIROS	5	3.632,34	5.652,00	12.214,00	8.982,18
		CONXELADORES	17	13.175,91	20.929,63	32.768,50	24.097,95
		NAFO CONXELADORES	18	12.213,42	20.707,99	27.059,60	19.899,63
	CERCO	3	5.565,30	8.002,00	13.525,10	9.946,36	
	PALANGRE SUPERFICIE	79	16.275,54	29.134,63	52.691,10	38.749,03	
PESQUEIRIA COMUNITARIA (Altura)	PALANGRE FONDO	NEAFC PALANGRE FONDO	47	7.899,64	13.221,19	26.794,00	19.704,31
		NEAFC <100 TRBs	4	309,69	589,09	1.475,00	1.084,72
	ARRASTRE	NEAFC ARRASTRE	43	8.619,07	14.343,63	25.963,17	19.093,32
		PORTUGAL	3	406,95	624,74	1.267,00	931,75
CALADOIRO NACIONAL (Cant/Noroeste)	ARRASTRE	84	11.912,35	18.815,28	38.393,14	28.234,32	
	ARTES MENORES	4.125	10.338,01	8.942,42	98.186,67	72.206,48	
	CERCO	154	4.661,42	6.012,55	32.786,26	24.111,02	
	PALANGRE FONDO	27	922,55	1.356,37	5.345,42	3.931,02	
	PALANGRE SUPERFICIE	58	6.828,04	12.477,24	24.028,75	17.670,74	
	ENMALLE	RASCOS	3	83,90	88,86	350,00	257,39
VOLANTAS		35	1.100,03	2.042,03	6.076,02	4.468,31	
<b>Totais</b>		<b>4.705</b>	<b>103.944,16</b>	<b>162.939,65</b>	<b>398.923,73</b>	<b>293.368,53</b>	
BUQUES DEDICADOS A ACUICULTURA/AUXILIARES		1.250					

## Publicacións


Neste apartado queremos presentarvos as Guías e Estudos técnicos que o Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral da CIG ten editado nos últimos anos e que poden ser descargadas da páxina web [cigsaudelaboral.org](http://cigsaudelaboral.org)



Dende a súa primeira edición aló polo ano 2000, o principal obxectivo desta Guía sempre foi servir de axuda aos delegados/as de prevención da nosa Central Sindical; contén información, entre outras cousas, sobre as competencias, responsabilidades e actuación dos delegados/as de prevención, o Comité de Seguridade e Saúde e Organismos da Administración en materia de prevención.




Con esta publicación ponse a disposición de traballadores e traballadoras que precisen información relativa a calquera aspecto relacionado coa seguridade química, riscos toxicolóxicos e medidas preventivas asociadas, unha publicación que contén a documentación necesaria, co ánimo de facilitar a participación dos nosos delegados/as, así como dos traballadores/as en xeral, no proceso preventivo.




A organización do tempo de traballo perfílase como un factor determinante na calidade de vida das persoas, na medida na que as características da xornada de traballo poden dificultar, impedir ou facer posible a conciliación entre a vida laboral, persoal e familiar. No estudo referéncianse modelos de organización, flexibilidade e análise dos efectos sobre a saúde de traballadoras e traballadores e propostas sobre a ordenación do tempo de traballo.



Obra de consulta que pretende aglutinar o máis relevante da lexislación dos últimos anos sobre o amianto. Tamén se recollen unha descrición do amianto e as doenzas asociadas, os procesos xerais de actuación no caso de desamiantado, e as reivindicacións dos afectados e afectadas pola manipulación continuada do material e as da propia Central Sindical.



Proxecto de investigación no que se procede a realizar un estudo da realidade preventiva do sector naval, e se fundamenta a necesidade de contar con normativa específica. Ofrécese así mesmo, unha proposta de norma reguladora da seguridade e a saúde laboral, que aglutine e resolva o diferente tratamento nos asteiros das lagoas legais que sofre o sector, substituídas en cada unha das empresas, por normas internas con contidos máis ou menos homologables.



A construción naval ten a consideración especial do Anexo I do Regulamento dos Servizos de Prevención que indica as actividades con maiores riscos. Trátase dunha actividade que xera riscos de diversa natureza e que dependen basicamente do proceso que levemos a cabo. Nesta guía establece unha serie de pautas de actuación preventiva en relación aos traballos que se desenvolven no sector e diversos anexos con información de interese.



As drogas son tan antigas como a propia humanidade; ao longo do tempo foron utilizadas en celebracións rituais, con fins terapéuticos e como recurso enerxético que fixera máis soportables as duras condicións do traballo. Durante o ano 2009, realizouse unha enquisa para verificar a incidencia das drogas no ámbito laboral galego. A metodoloxía seguida na mencionada enquisa, os cuestionarios realizados e os resultados obtidos atópanse neste texto, así como un resumo das principais drogas e os seus efectos.



Este texto ofrece os resultados do estudo realizado sobre a problemática do consumo de drogas, legais e ilegais nos sectores da automoción e da construción naval. Recóllese ademais a metodoloxía seguida na elaboración do estudo, as conclusións tiradas do mesmo e varios anexos con documentación complementaria.

Neste número colaboraron os Técnicos/as de PRL: Trinidad Villar (Entrevista), M<sup>a</sup> Candelaria González (Información Técnica), Fernando Solla (Sabías que?), Paula González (Sabías que?)

[www.cigsaudelaboral.org](http://www.cigsaudelaboral.org)

Secretaría Confederal de  
Negociación Colectiva  
e Saúde Laboral  
Rúa Gregorio Espiño 47, Entrechán.  
36205 Vigo  
Tif: 986 262 679. Fax: 986 262 781

Gabinete Técnico Confederal de  
Saúde Laboral. Ferrol  
Rúa Eduardo Pondal 41/43 entrechán.  
15403 Ferrol  
Tif: 981 359 449. Fax: 981 359 449  
[saudelaboral@galizacig.net](mailto:saudelaboral@galizacig.net)

CO FINANCIAMENTO DE  
FUNDACIÓN  
PARA LA  
PREVENCIÓN  
DE RIESGOS  
LABORALES  
DI. 0001/2011

